



CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE AGADIC E AS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS Á REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS PARA A PROGRAMACIÓN DO 2º SEMESTRE DE 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais

DECLARA que,

1. A Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ven de asinar os convenios da Rede Galega de Teatros e Auditorios por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026 coas seguintes entidades locais:

Deputación Provincial de Ourense, Concello de A Rúa, Concello de Ames, Concello de Arteixo, Concello de As Pontes, Concello de Betanzos, Concello de Boiro, Concello de Burela, Concello de Cambados, Concello de Cangas, Concello de Cedeira, Concello de Cee, Concello de Ferrol, Concello de Foz, Concello de Gondomar, Concello de Monforte de Lemos, Concello de Muros, Concello de Narón, Concello de Negreira, Concello de Noia, Concello de O Barco de Valdeorras, Concello de O Grove, Concello de Oleiros, Concello de Ortigueira, Concello de Outes, Concello de Ribadeo, Concello de Tomiño e Concello de Viveiro.

2. Que o instrumento convencional ten por obxecto: *"A realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver nos espazos escénicos de cada localidade e nas condicións especificadas no convenio."*
3. Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: *"Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede Galega de Teatros e Auditorios."*
4. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alio a natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data que figura ó marxe.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

